
EMENDA DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA Á PROPOSTA DE INICIO DO PROCEDIMENTO DE CREACIÓN DA SOCIEDADE MERCANTIL PÚBLICA URBANÍSTICA E NOMEAMENTO DA COMISIÓN DE EXPERTOS

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte **emenda de engádegala** á proposta, punto 3 da orde do día da convocatoria, “Inicio do procedemento de creación da Sociedade Mercantil Pública Urbanística e nomeamento da Comisión de Expertos”, para o seu debate e inclusión na orde do día do Pleno da Corporación:

TEXTO DA EMENDA:

(engandir o texto en negro, e repuntuar, a proposta de resolución)

Primeiro: Iniciar o procedemento para a creación dunha SOCIEDADE MERCANTIL cuxo capital pertenza na súa totalidade ao Concello de Santiago de Compostela, cuxo obxecto e finalidade sexa (sen ánimo limitativo) **o da xestión da cidade e rural, no relativo a:**

- a) **o ciclo integral da auga, especialmente sobre a recollida, depuración e subministración de auga potable; recollida, sumidoiros, depuración e vertido de augas residuais e pluviais; xestión e eliminación dos seus lodos depuración, as operacións relacionadas co citado e que se refiran ao ciclo de aproveitamento da auga e, en consecuencia, ao control e/ou execución de todo tipo de actuacións relacionadas cos citados servizos, incluída a recadación de tarifas e prezos públicos ou privados que son aplicables.**
- b) a actividade urbanística, especialmente a promoción, tenencia, xestión e administración de solo e o patrimonio, vivenda e equipamentos urbanísticos, sen prexuízo da actuación en materia de consultoría, xestión da rehabilitación e axudas públicas para esa finalidade; xa sexa por conta propia ou mediante delegación ou encargo desta administración constituída de acordo co procedemento administrativo establecido pola normativa e coas formalidades esixidas.

- c) **as obras e o mantemento** urbano e rural: especialmente a redacción, tramitación e execución dos proxectos de urbanización que sexan de iniciativa municipal, a supervisión da execución das que se realicen por iniciativa privada ou por outras administracións públicas, así como a recepción das mesmas; as obras hidráulicas de reparación e renovación da rede de abastecemento e saneamento; e o servizo de conservación, mantemento e reparación de pavimentos e elementos do mobiliario urbano tanto na zona urbana extramuros así como no rural de Santiago.


Santiago de Compostela, 24 de novembro do 2021

Jorge Duarte Vázquez




Concelleiro do grupo municipal
de Compostela Aberta

Marta Lois González



Portavoz do grupo municipal
de Compostela Aberta

Xan Duro Fernández



Concelleiro do grupo municipal
de Compostela Aberta

À ATENCIÓN DO ALCALDE DE SANTIAGO